



ANUNCIO

CONSULTA PUBLICA PREVIA PARA A TRAMITACIÓN DA “ORDENANZA REGULADORA DO ESTACIONAMENTO DE HORARIO LIMITADO DE MARÍN”.

De conformidade co previsto no artigo 133.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP), que dispón que, con carácter previo á elaboración de proxectos de ordenanzas ou regulamentos, substanciárase unha consulta pública, a través do portal web da Administración competente, na que recabarase a opinión dos suxeitos e das organizacións máis representativas potencialmente afectados pola futura norma.

DISPOÑO:

Abrir o trámite de consulta pública previa, previsto no artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, para a redacción, tramitación e aprobación da “Ordenanza reguladora do Estacionamento de Horario Limitado de Marín”, a través da sede electrónica municipal, durante un prazo de 20 días hábiles, para que a cidadanía, organizacións e asociacións que así o consideren poidan facer chegar as súas opinións acerca dos aspectos mencionados no art. 133 da LPACAP, que figuran recollidos no Anexo I do presente anuncio.

ANEXO I CONSULTA PUBLICA

<p>Antecedentes, marco legal e competencia municipal na materia que será obxecto de regulación a través da Ordenanza:</p>	<p>O artigo 25.2.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) recoñece como competencia municipal a «ordenación do tráfico de vehículos e persoas nas vías urbanas».</p> <p>Segundo o RDL 6/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de vehículos a motor e Seguridade Viaria é competencia dos municipios a «regulación mediante ordenanza municipal de circulación, dos usos das vías urbanas, facendo compatible a equitativa distribución dos aparcamentos entre todos os usuarios coa necesaria fluidez do tráfico rodado e co uso peonil das rúas, así como o establecemento de medidas de estacionamento limitado, co fin de garantir a rotación dos aparcamentos, prestando especial atención ás necesidades das persoas con discapacidade que teñen reducida a súa mobilidade e que utilizan vehículos, todo iso co fin de favorecer a súa integración social».</p> <p>Neste sentido, o artigo 39.4 do TRLTSV, sinala que «o réxime de parada e estacionamento en vías urbanas regularase por ordenanza municipal, podendo adoptarse as medidas necesarias para evitar o entorpecimiento do tráfico, entre elas, limitacións horarias de duración do estacionamento, así como as medidas correctoras precisas, incluída a retirada do vehículo ou o seu inmovilización cando non dispoña de título que autorice o estacionamento en zonas limitadas en tempo ou exceda do tempo autorizado ata que se logre a identificación do condutor».</p>
--	--





Problemas que se pretenden solucionar coa iniciativa:	O tráfico e o aparcamento teñen unha gran influencia na calidade de vida e ambiental das nosas cidades. A regulación de ambos nas vías urbanas competencia dos concellos, pretende conseguir un uso equitativo dos espazos de aparcamento, á vez que fomentar a utilización do transporte público, promover o uso peonil das rúas e favorecer a fluidez do tráfico rodado.
Necesidade e oportunidade da súa aprobación:	A implantación dun sistema de estacionamento regulado, con limitación horaria para a permanencia nun mesmo espazo de aparcamento é, entre outros, un instrumento adecuado para lograr os obxectivos municipais.
Obxectivos:	Regular os usos das vías urbanas, facendo compatible a equitativa distribución dos aparcamentos entre todos os usuarios, así como o establecemento de medidas de estacionamento limitado, co fin de garantir a rotación dos aparcamentos, que permita optimizar, de maneira equitativa, o uso dun ben escaso, como é o espazo de aparcamento.
Posibles solucións e alternativas, regulatorias e non regulatorias:	Para o funcionamento do sistema de estacionamento limitado é preciso elaborar unha disposición de carácter xeral que regule esta materia, en desenvolvemento do Texto Refundido da Lei sobre Tráfico, Circulación de vehículos a motor e Seguridade Viaría.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

